

ORDENANZA 3.23

TAXA POR POSTOS E CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO E POR VENDA DE ARTESANÍA NAS RÚAS, VENDA AMBULANTE E RODAXE CINEMATOGRÁFICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto no artigo 20.1.A) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións, e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica, a que se refire o art.20.3. n) do TRLFL, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible da presente taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións, así como por industrias callejeras e rodaxe cinematográfica.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, en beneficio particular.

Artigo 4º. Base imponible

A base imponible está constituída polo número de metros cuadrados de dominio público local ocupados polos postos e casetas de venda, polos espectáculos ou atraccións así como polas industrias callejeras

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base as seguintes cantidades :

- a) No caso de venda ambulante na rúa Nova. **48,71 €/ano/m2**
- b) No caso de venda ambulante no mercado de salgueiriños **58,20 €/ano/m2**
- c) No caso de venda ambulante na praza de Ameas **83,87 €/ano/m2**
- d) No caso de venda ambulante na praza do Obradoiro **30,12 €/ano/m2**
- e) No caso de venda de xelados e castañas **43,61 €/ano/m2**
- f) No caso de venda de lambetadas **13,92 €/ano/m2**
- g) Por cada posto ou caseta de venda
 - Ata 6 m2 **1,20 €/mes/m2**
 - De 6 a 10 m2 **2,34 €/mes/m2**
 - Máis de 10 m2 **3,48 €/mes/m2**

2. No caso de rodaxes cinematográficos, espectáculos, atraccións e similares, pagarase unha cantidade fixa de **386,57 €/día**.

Artigo 6º. **Obriga de contribuir**

A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír ao presentar a solicitude de autorización municipal.

Artigo 7º. Normas de xestión

Os suxeitos pasivos están obrigados a abonar a autoliquidación da Taxa ao presentar a solicitude de autorización municipal ou de renovación e a ingresar o seu importe na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

Artigo 8º. Beneficios fiscais

1. Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria os rodaxes cinematográficos e similares, sempre que se acredite documentalmente que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e se faga constar a colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos films.
2. Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria os circos en función das especiais características desta actividade
3. Os interesados deberán solicita-lo beneficio fiscal no momento de presenta-las solicitudes de autorización para ocupación da vía pública no Concello.
4. O beneficio fiscal resolveráse por acordo da Xunta de Goberno Local previo informe do Servizo de xestión, inspección e recadación tributaria.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro,



Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de dous mil sete. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.